



XUNTA DE GALICIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



CONCELLO DE PONTEDEUME

168/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REFORMA E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL.

En Pontevedra, a sete de novembro de dous mil dezaseis.

REUNIDOS

Dunha parte Don Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado no Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio do seu cargo e das competencias que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007 de 28 de marzo e 12/2007 de 27 de xullo e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo do 1991, feito público mediante resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril de 1991).

Don Xosé Regueira Varela, deputado responsable da Área de Cooperación cos concellos da Deputación provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da dita corporación, por delegación do seu presidente D. Valentín González Formoso, realizada mediante Resolución de presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, en relación co art. 34 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Don Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente do concello de Pontevedra, que actúa en nome e representación do dito concello, e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no art. 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, así como o establecido no acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urgente celebrada o día 5 de novembro de 2015, no punto 2.- PAS convenios, 2015, obra rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontevedra.

As partes, na representación que ostentan teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Á Consellería de Economía, Emprego e Industria (en diante a consellería) correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior e concretamente a Dirección Xeral de Comercio ten atribuídas, entre outras funcións, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, nos termos recollidos no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015).

A consellería, volcada na tarefa de acadar a reactivación da economía galega, conta co tecido comercial como un dos colaboradores principais e necesarios. O comercio dinamiza a economía ao tempo que actúa como unha rede capaz de vertebrar o progreso de toda a comunidade. Neste escenario é preciso incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, así como adaptar os establecementos ás necesidades do usuario, e que o consumidor alcance o servizo desexado.

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e así se considera no programa de obxectivos da Dirección Xeral de Comercio, que no seu conxunto, pretende contribuír a construír un sector comercial galego máis competitivo e dinámico. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e así o considera a consellería, que persegue, entre outras finalidades, fomentar a cooperación e coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados, implicados no sector comercial de venda polo miúdo; e moi especialmente os mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial con capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencial da consellería. Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Pontevedra para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal.

O proxecto de orzamentos de gastos da consellería para o ano 2016, inclúe unha aplicación de asignación nominativa a favor do Concello de Pontevedra, aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015 00275, de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

SEGUNDO: A Deputación Provincial da Coruña (en diante a deputación) é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar aos concellos a adaptarse a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. A deputación considera de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a adicada ao pequeno comercio ofrecendo aos clientes un amplo abano de vantaxes.



TERCEIRO. O Concello de Pontevedra (en adiante o concello) dispón do pleno dominio da praza de abastos, que ten grande importancia para o municipio como espazo dedicado á prestación dun servizo público, co obxectivo de que o inmóbel se manteña destinado ao uso que lle é propio, adaptándoo aos novos condicionantes do mercado, que fagan posíbel a modernización das súas instalacións, a dotación de determinados espazos dos que carece e a reorganización das súas funcións internas.

A confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta do proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontevedra. coa finalidade de acadar a mellora deste equipamento comercial co máximo rendemento dos recursos empregados, e en consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto deste convenio é a realización e financiamento da "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontevedra", cun orzamento máximo de un millón cincocentos noventa e catro mil novecentos quince euros (1.594.915,00.-) IVE incluído. cuxo proxecto se xunta como Anexo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E ANUALIDADES.

A consellería, a deputación e o concello, comprométese a financiar o mencionado proxecto coa seguinte distribución porcentual:

- A consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015.00275 "Equipamentos comerciais municipais. Rede galega de mercados e Prazas de Abastos", modalidade de financiamento 1010 polo importe 531.638,00 euros, IVE incluído, que representa o 33,33%.

Independentemente de que o crédito consignado nesta aplicación orzamentaria para a anualidade 2016 e de asignación nominativa, a anualidade prevista para o ano 2017, de conformidade co disposto polo artigo 26.2 da Lei de subvencións de Galicia, o crédito plurianual previsto no convenio terá a consideración de subvención directa.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, existe na aplicación 2016.09.30.751A.761.4 partida orzamentaria consignada pola contía de 158.280,00 €, para atender o financiamento da "Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontevedra".

- A deputación con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4314/76201 achegará un total de 502.398,23 euros, IVE incluído, que representa o 31,50%.
- O concello, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente achegará un total de 560.878,77 euros, IVE incluído, que representa o 35,17%.

Ao aplicar a distribución porcentual recollida nos parágrafos anteriores resulta a distribución por anualidades e cantidades seguintes:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	373.358,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.436.635,00
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa de cada unha das administracións que interveñen e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario nos respectivos orzamentos.


Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual, en virtude do establecido pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello das Xuntas de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscripción deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectarase as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Unha vez efectuada a licitación das obras, a baixa de adjudicación, no caso de producirse, será repercutida proporcionalmente nas achegas da deputación, da consellería e do concello.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación establecida na cláusula correspondente. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

- En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da citada Lei 9/2007.
- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.





- Ao amparo do presente convenio consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións recollidas no proxecto anexo a este convenio.
- Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, permitirase a subcontratación do cen por cen das actividades subvencionadas.
- Calquera incremento que se derive da execución do contrato de obra, liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado íntegramente polo concello.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

1. O concello, para poder obter a condición de beneficiario no presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a dispoñibilidade dos inmobles e vías en que está previsto realizar os investimentos.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

2. O concello quedará en todo caso suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención, e coa suxeición os procedementos de contratación previstos no R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Xustificar no tempo e forma que correspondan, diante da consellería e a deputación, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería e da deputación, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, debendo constar que están subvencionadas pola consellería e a deputación.
- Reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Dar consentimento expreso para a inclusión dos datos relevantes do convenio nos rexistros públicos de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2006 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
- Comunicar por escrito á consellería e a deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería e a deputación o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.
- Iniciar a través da correspondente solicitude o procedemento para a obtención do selo de mercado excelente outorgado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no marco do Plan de mercados Excelentes.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á consellería terase en conta as seguintes especificacións:

1.1. A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para cadansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.


Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior, sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarse en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. O concello estará obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

1.3. A conta xustificativa conterá:

- a) Certificación expedida pola Secretaría do concello, co visto e prace do alcalde relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra,





importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.
- c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

1.4. Condicións de pagamento:

- As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.
- A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Consellería de Economía, Emprego e Industria - Dirección Xeral de Comercio, que emitirá, certificación acreditativa de cumprimento das actuacións subvencionadas.
- As achegas da consellería minorarase porcentualmente no caso de que non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que este garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrència con outras axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.
- Os pagamentos correspondentes á consellería serán realizados ao concello, unha vez presentada a correspondente xustificación, e aprobada polos órganos competentes da Xunta de Galicia.
- A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

1.5. Comprobación material: Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas tres administracións intervincentes neste convenio, sen prexuízo de que dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

1.6. Poderán aprobarse o pago anticipado ata un límite do 40% do importe concedido, logo de solicitude e xustificación da súa necesidade polo beneficiario en cada unha das anualidades.

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios quedarán exentos da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste Convenio, conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á deputación realizarase na anualidade 2017 sempre que exista crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do dito exercicio, do seguinte modo:

2.1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2.2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

SEXTA. RESPONSABILIDADE NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

1. O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo, agás que o impida a natureza da mesma. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o coste da obra, non aporten valor engadido ao confío da mesma.



2. O concello poderá concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración.

3. A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

4. Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constituán unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

A axuda concedida será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso minorarase a subvención tanto da consellería como da deputación.

OITAVA. PUBLICIDADE

O concello presta o seu consentimento á consellería e á deputación para que, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Asimismo o concello presta o seu consentimento para que os datos que consten no convenio e os referidos á subvención recibida sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións a cesión de datos de carácter persoal que deba efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no apartado 1 do artigo 21 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO PROXECTO.

1. O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado, e no seu caso, coa correspondente modificación do contrato de obras nos termos establecidos polo R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, con un mes de antelación a data de finalización de cada anualidade de conformidade co artigo 7 do Decreto 193/2011 de 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio da consellería e o pola deputación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respectando o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

3. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade a súa sinatura.

DÉCIMA. VIXENCIA.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 30 de decembro de 2017, sen que se prevea a posibilidade de prórroga do mesmo.

DÉCIMA PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dous representantes do concello, por dous representantes da deputación e por dous representantes da consellería. Constituirase a petición de calquera das partes.

Son funcións desta comisión, velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMA SEGUNDA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar a modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5



As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 7 do Decreto 193/2011 de 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á minoración da subvención establecida na cláusula segunda deste convenio.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo o artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, DOG núm. 17 do 27 de xaneiro de 2014. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das prescricións contidas neste convenio, o que se comunicará, por quen a invoque, de xeito fehaciente, previa audiencia das mesmas.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.

DÉCIMA TERCEIRA. INCUMPRIMENTO TOTAL E PARCIAL DO CONVENIO

Producirse a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio da consellería e a deputación poderán apreciar un incumprimento parcial, e deberán resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

A entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA CUARTA. RELACIÓNS CON TERCEIROS.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia e a deputación, de tal xeito que estas quedarán exentas de calquera responsabilidade -nin directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das mesmas.

DÉCIMA QUINTA. INFORMACIÓN.

Para efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración das obras, instalarase en lugar ben visíbel desde a vía pública, un cartel publicitario das dimensións suficientes, no que constarán as características da obra e o grao de participación na mesma, das administracións asinantes deste convenio e os seus respectivos logotipos.

De igual xeito, as partes comprométense a reflectir en calquera difusión pública que se realice das obras a participación das administracións públicas ou órganos administrativos que interviñeron nela, incluso no caso de que dita difusión se leve a efecto con posterioridade á finalización dos traballos, debendo remitirse copias ao outro asinante.


A colaboración financeira das administracións asinantes deste convenio deberá quedar expresamente reseñada nun lugar visíbel, de forma permanente, do acceso á actuación no momento da inauguración e/ou recepción.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e ademais pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, seralle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SÉTIMA. REVISIÓN NORMATIVA



Handwritten signatures and a small number '6' at the bottom right.



Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro).

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, rexerase pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polos principios da Lei de Contratos do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.


Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as tres partes ao acordado en todas as estipulacións. E, como proba de conformidade, subscribese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA.



O conselleiro

POLA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA



O deputado

